

ENTRADA XERAL: 6€ de luns a xoves e sesións matinais | 6,60 € de venres a domingo, festivos e vésperas de festivo.

ENTRADA REDUCIDA para persoas desempregadas, con diversidade funcional, estudantes menores de 25, maiores de 65 e menores de 18 anos: 5€ de luns a xoves e sesións matinais | 6€ de venres a domingo, festivos e vésperas de festivo.

PERSOAS ABONADAS: 4,50€.

Martes **Cine Senior**: entradas a 2€ para maiores de 65

Mércores DÍA DO PÚBLICO: todas as entradas a 4€

De LUNS a DOMINGO, de 17:00 a 22:00

Sesións matinais sábados e domingos

Pases en VERSIÓN ORIXINAL
SUBTITULADA [VOSE], agás os
indicados como [VE], VERSIÓN EN
ESPAÑOL, nos horarios.

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com

981 35 60 65



Formamos parte de:



ESTREA DESTACADA: VENRES 16

TURNO DE GUARDIA

Petra Volpe

2025 | Alemaña | 92' | alemán

A enfermeira Floria exerce a súa profesión con paixón e rigor. Mesmo no medio do caos escoita sempre aos seus pacientes e acode de inmediato ás urxencias... Ou case sempre, porque a realidade cotiá resulta a miúdo imprevisible. Ese día falta unha compañeira nunha planta completa e con demasiados pacientes, polo que a medida que avanza a quenda, Floria enfróntase cada vez máis a unha loita desesperada contra o tempo.



Berlinale (Special Gala)

"Ao servizo de aguilloar as nosas conciencias, o tenso drama de Petra Volpe é unha inxección de empatía sen diluír para a sobrecargada e infravalorada profesión de enfermaría"

Fionnuala Halligan **Screendaily**

ESTREAS DE XANEIRO

- | | |
|--------|--|
| 01 XAN | RONDALLAS Daniel Sánchez Arévalo 2025 112' español +12 |
| 09 XAN | NOUVELLE VAGUE Richard Linklater 2025 105' francés +12 |
| | LA CRONOLOGÍA DEL AGUA Kristen Stewart 2025 128' inglés +18 |
| | LA ASISTENTA Paul Feig 2025 130' inglés +16 |
| 16 XAN | TURNO DE GUARDIA Petra Volpe 2025 92' alemán |
| | LA MISTERIOSA MIRADA DEL FLAMENCO Diego Céspedes 2025 110' español +16 |
| 23 XAN | HAMNET Chloé Zhao 2025 125' inglés +12 |
| 30 XAN | LA CHICA ZURDA Shih-Ching Tsou 2025 108' mandarín +7 |
| | MARTY SUPREME Joshua Safdie 2025 149' inglés |

PASES ESPECIAIS

TEMPADA DE ÓPERA E BALLET: MÉR 14 ÁS 19:45

LA TRAVIATA Royal Opera & Ballet 2026 | 240' | italiano

OFF DUPLEX: MAR 13 ÁS 20:00

BALEARIC Ion de Sosa 2025 | 74' | español | +16

OFF DUPLEX: MAR 27 ÁS 20:00

QUERIDO TRÓPICO Ana Endara 2025 | 108' | español | +7

Petís DUPLEX: DÍAS 17, 18, 24 e 25

POLLOLIEBRE Y EL SECRETO DE LA MARMOTA Benjamin Mousquet 86' | español | TP

FOCOS

OFF DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

📅 MAR 13 ÁS 20:00

BALEARIC

Ion de Sosa

2025 | España | 74' | español | +16

📍 Sitges 2025



📅 MAR 27 ÁS 20:00

QUERIDO TRÓPICO

Ana Endara

2025 | Colombia | 108' | español | +7

📍 San Sebastián 2025 (Horizontes Latinos)



VEN CINCO VECES ÁS NOSAS SECCIÓNS PARALELAS E A SEXTA CORRE Á NOSA CONTA

D																			

ESTREA DESTACADA: VENRES 23

HAMNET

Chloé Zhao

2025 | Reino Unido | 125' |

inglés | +12

Narra a historia de Agnes, a muller de William Shakespeare, na súa loita por superar a perda do seu único fillo, Hamnet. Unha historia humana e esgarradora como pano de fondo para a creación da obra de Shakespeare, Hamlet.

Adaptación da novela homónima de Maggie O'Farrell.



Globos de Ouro 2026 (seis candidaturas)

"Obra mestra fermosa e catártica. Un filme que che vai romper o corazón cunhas interpretacións soberbias. Mescal está marabilloso pero é Buckley quen realmente impresiona"

Angie Han **The Hollywood Reporter**

TEMPADA DE ÓPERA E BALLET



ENTRADAS: 15 € entrada xeral | 12€ para membros da Filarmónica Ferrolana

📅 MÉR 14 ÁS 19:45

LA TRAVIATA (Giuseppe Verdi)

Antonello Manacorda, Richard Eyre | Royal Opera & Ballet

2026 | Reino Unido | 240' | italiano VOSE

Durante unha das súas luxosas festas, a famosa cortesá parisiense Violetta Valéry coñece a Alfredo Germont. Ambos namoran apaixonadamente. Aínda que Violetta dúbida en abandonar a súa vida de luxo e liberdade, decide seguir o seu corazón. Con todo, a felicidade da nova parella vese pronto ameazada polas duras realidades da vida.

Petís DUPLEX



CINEMA PARA TODA A FAMILIA

Entradas: 6€ xeral, 5€ reducida, 4€ menores de 13 anos

📅 DÍAS 17, 18, 24 E 25

POLLOLIEBRE Y EL SECRETO DE LA MARMOTA

Benjamin Mousquet

Francia | 86' | español | TP

Polloliebres está de volta! Un segredo sobre o pasado sae á luz para arrastrar ao heroe e aos seus amigos nunha épica aventura en busca dunha misteriosa marmota co poder de modificar o pasado... e talvez, de salvar á súa especie. Pero na súa procura, Polloliebres e os seus amigos descubrirán que non son os únicos que queren facerse coa maxia da marmota...

